

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 21 de xuño de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta minutos do día vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Viceinterventora, Susana Escaloni Varela.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33936.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2024.

2.33937.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A COOPERATIVAS AGROGANDEIRAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2024 (Expte. 2024002958)

As cooperativas teñen un gran peso na organización e na ordenación dos recursos agrogandeiros e destaca a súa importancia na estrutura socioeconómica da provincia de Pontevedra.

O cooperativismo conta cunha protección mesmo a nivel constitucional, como cabe inferir dos artigos 40 e 129, coa obriga de promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa e de fomentar, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas, así como a de establecer os medios que faciliten o acceso das e dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade reconecer, fomentar e impulsalas para o cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.



Destaca a mención expresa, no seu artigo 14.4, ás entidades locais: “*a Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións*”. Isto constitúe un primeiro e cualificado título de intervención nesta materia.

Ademais, as empresas de economía social e, singularmente, as cooperativas demostraron a súa capacidade de resistencia ás crises, de creación de emprego estable e de calidade, de vinculación co territorio e de mellora do benestar social, polo que resulta procedente activar suficientemente as súas potencialidades de emprendemento e autoemprego.

No marco das súas competencias, entre as que están a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, segundo o establecido no artigo 36.d, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así mesmo, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. A Deputación de Pontevedra, considera necesario dar apoio, ás cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para que contribúan ó desenvolvemento de accións de promoción e fomento dun sector de vital importancia na provincia.

Con estes antecedentes, constituída a nova Corporación e consciente da importancia do movemento cooperativista e do asociacionismo para o desenvolvemento do sector agrogandeiro provincial, dálle continuidade a esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar investimentos que melloren os servizos que se desenvolvan no ano 2024.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (LGS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Medio Ambiente elaborou unhas bases que regulan a concesión destas axudas que van destinadas ás entidades citadas da provincia de Pontevedra.

Resultando, que con data do 5 de xuño de 2024 a xefa do Servizo de Medio Ambiente emite informe favorable, sobre as bases reguladoras de subvencións dirixidas ás cooperativas agrogandeiras da provincia, que con data do 10 de xuño de 2024, a Secretaría emite informe favorable sobre as citadas bases reguladoras.

Resultando que con data do 13 de xuño de 2024 a Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, por importe de 250.000,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria proposta 24/410.4120.789.00, é en consecuencia efectúa retención de crédito mediante documento RC nº 202400133943.



Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido na base 16.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do informe da Secretaria e do informe favorable de Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar as Bases reguladoras para a concesión de axudas económicas, por concorrencia competitiva, a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra, para o ano 2024, a cuxo texto se pode acceder a través do código CSV: 46L8OHT7ZPC2PR20.

3.33938.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN REDE DE SANEAMENTO EN COUTO DE ABAIXO-CASTRELO” (Expte.2024020391)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2024, mediante rexistro WEB2024019728, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cambados* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 102.862,06 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación rede de saneamento en Couto de Abaixo-Castro*”, cuxo orzamento ascende 102.862,06 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	102.862,06	102.862,06	0,00	0,00



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e do Instituto de Estudos do Territorio.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico



do servizo de Cooperación, de data 13/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 13/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 102.862,06 € co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación rede de saneamento en Couto de Abaixo-Castro*” (Expte. 2024020391), cuxo orzamento ascende 102.862,06 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	102.862,06	102.862,06	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional e do Instituto de Estudos do Territorio. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33939.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA CARPINTERÍA EXTERIOR E TARIMA INTERIOR NO PAZO DE TORRADO” (Expte.2024020223)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019550, emendado en datas posteriores, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cambados* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 102.952,85 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación da carpintería exterior e tarima interior no Pazo de Torrado*”, cuxo orzamento ascende 102.952,85 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	102.952,85	102.952,85	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente o ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio.

O devandito ditame será achegado coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).



- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/06/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 12/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 102.952,85 € co obxecto do financiamento do investimento “*Renovación da carpintería exterior e tarima interior no Pazo de Torrado*” (Expte. 2024020223), cuxo orzamento ascende 102.952,85 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	102.952,85	102.952,85	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue o ditame favorable da Comisión Municipal de Patrimonio. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.33940.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DAS GRADAS DO CAMPO MUNICIPAL DE BURGÁNS” (Expte.2024020162)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 25/03/2024, mediante rexistro WEB2024019239, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Cambados* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 65.395,25 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Reparación, adecuación e mellora das gradas do campo municipal de Burgáns*”, cuxo orzamento ascende 65.395,25 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	65.395,25	65.395,25	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e uso do ben sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non son precisas para executar o investimento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 11/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, unha subvención por importe de 65.395,25 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reparación, adecuación e mellora das gradas do campo municipal de Burgáns*” (Expte. 2024020162), cuxo orzamento ascende 65.395,25 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024- €	Achegas doutras administracións públicas - €	Fondos propios do Concello -€
2024	65.395,25	65.395,25	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33941.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE CUNETAS EN VÍAS DÚAS IGREXAS - QUINTELAS” (Expte. 2024020102)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019504, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Forcarei na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 108.238,59 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de cunetas en vías Dúas Igrexas - Quintelas*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

O importe do orzamento contempla honorarios técnicos polo importe de 7.610,53 € (redacción do proxecto 3.382,46 €, dirección de obra 3.382,46 € e coordinación de seguridade e saúde 845,61 €), IVE engadido.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe que ascende de 74.606,64 € á Liña 1. Este importe corresponde ao sobrante da Liña 3 (1.184,89 €), o importe íntegro das Liñas 2 (56.425,97 €) e 4 (16.995,78 €).

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.



Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento da autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A devandita autorización e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas, polo Concello, coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Forcarei* a cantidade de 108.238,59 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de cunetas en vías Dúas Igrexas - Quintelas*” (Expte. 2024020102), en base a un orzamento polo mesmo importe.

O importe do orzamento contempla honorarios técnicos polo importe de 7.610,53 € (redacción do proxecto 3.382,46 €, dirección de obra 3.382,46 € e coordinación de seguridade e saúde 845,61 €), IVE engadido.



- A presente concesión queda condicionada a obtención a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sendo imprescindible que o *Concello* a remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Forcarei*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33942.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN FORNELOS, TRASPIELAS E CALVOS” (Expte. 2024021680)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021360, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Fornelos de Montes na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 130.119,39 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación con mestura bituminosa en quente de camiños municipais en Fornelos, Traspuelas e Calvos”, en base a un orzamento polo mesmo importe.



O importe do orzamento contempla 120.032,61 €, de execución de contrata, IVE engadido e 10.086,78 € de honorarios técnicos (5.547,73 € redacción proxecto, 4.034,71 € dirección de obra e 504,34 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

En data 14/06/2024, mediante rexistro WEB2024039734 o *Concello* contesta ao requirimento aportando novo proxecto reformulado que non supón alteración do orzamento orixinal, non altera a obra na súa formalización, non supón una baixa na calidade do proxectado e resposta á finalidade orixinaria da axuda, contando co o informe favorable dos técnicos do servizo de Cooperación.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Consellería do Medio Rural, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI) e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra.

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 14/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 14/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Fornelos de Montes* a cantidade de 130.119,39 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación con mestura bituminosa en quente de camiños municipais en Fornelos, Traspielas e Calvos*” (expediente: 2024021680), en base a un orzamento polo mesmo importe.

O importe do orzamento contempla 120.032,61 €, de execución de contrata, IVE engadido e 10.086,78€ de honorarios técnicos (5.547,73 € redacción proxecto, 4.034,71 € dirección de obra e 504,34 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI) e do Servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Fornelos de Montes*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



8.33943.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA PARROQUILA DE BORREIROS” (Expte.2024023347)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022103, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 61.896,27 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Obras de mellora da seguridade viaria na parroquia de Borreiros” (Expte. 2024023347).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 04/06/2024, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 61.896,27 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora da seguridade viaria na parroquia de Borreiros*” (Expte.2024023347), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación do gasto realizado, as autorizacións sectoriais da entidade pública Augas Galicia, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais).
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.33944.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO DE DEPENDENCIAS DEPORTIVAS NO CAMPO DE FÚTBOL DA SANGRIÑA”, INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte. 2024019637)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello da Guarda o importe que lle corresponde é de 69.715,10€.

En data 22/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018937), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello da Guarda, emendada nas datas 23/04/2024, 11/06/2024, 12/06/2024 e 14/06/2024 (núms. rexistro WEB2024026835, WEB2024039145, WEB2024039476 e WEB2024040040), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 69.715,10€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Acondicionamento de dependencias deportivas no campo de fútbol da Sangriña”, cun orzamento de 118.512,99€ (112.462,99€ de execución de obra e 6.050,00€ de honorarios de redacción de proxecto) e unha achega municipal de 48.797,89€.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 13/06/2024 (CSV: OY3P4ZR0S54IYFNL).

Así mesmo, o 14/06/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: R8QPSOXDYQPFKTCX) e o 17/06/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: BQ8PMXR2O7646KKU).



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello da Guarda relativa ao financiamento do investimento denominado “*Acondicionamento de dependencias deportivas no campo de fútbol da Sangriña*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 69.715,10€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello da Guarda*, CIF P3602300J, a cantidade de 69.715,10€ con destino ao financiamento do investimento “Acondicionamento de dependencias deportivas no campo de fútbol da Sangriña” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 118.512,99€ (112.462,99€ de execución de obra e 6.050,00€ de honorarios de redacción de proxecto) e unha achega municipal de 48.797,89€.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello da Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.33945.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO SKATEPARK EN MOAÑA” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024019587)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Moaña o importe que lle corresponde é de 116.369,19€.



O Concello dispoñe ademais de 41.036,36€ que proveñen da subvención concedida mediante a resolución presidencial núm. 20222005697 de data 05/08/2022 para financiar o investimento "Proxecto básico de execución instalación deportiva para Skatepark" (expte. 2022023755). Debido a que no proceso de licitación unha vez finalizado o concurso este quedou deserto, o Concello viuse na obriga de redactar un novo proxecto coa mesma finalidade, solicitando á Deputación que lle permitise sumar a dita subvención co importe que lle corresponde no reparto do PEID.

No BOPPO núm. 67, de 05/04/2024, publicouse a correspondente aprobación definitiva do expte. de modificación de créditos núm. 1/2024 polo que o *Concello de Moaña* podía dispoñer da citada cantidade de 41.036,36€ para o financiamento do investimento do PEID.

En data 21/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018732), ao abeiro do PEID, dunha petición do *Concello de Moaña*, emendada nas datas 22/03/2024, 27/05/2024 e 30/05/2024 (núms. rexistro WEB2024018865, WEB2024033988 e WEB2024035142), na que solicita unha subvención por importe de 157.035,20€, con destino ao financiamento do investimento denominado "*Proxecto básico e executivo para a construción dun novo skatepark en Moaña*", cun idéntico orzamento.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

A actuación conta co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/05/2024 (CSV: 2V3QFY1U9MITR5H7).

Así mesmo, o 30/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: Y704L3Y5F3CP2C1N) e o 31/05/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 62LTD9628ZX6MA4U).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de Moaña* relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado “Proxecto básico e executivo para a construción dun novo skatepark en Moaña” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 157.035,20€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Moaña*, CIF P3602900G, a cantidade de 157.035,20€ con destino ao financiamento do investimento “Proxecto básico e executivo para a construción dun novo skatepark en Moaña” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. O investimento deberá executarse na súa totalidade o 30/04/2025 e deberá xustificarse sen exceder o 30/09/2025.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Moaña*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



11.33946.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE MUROS DE CONTENCIÓN CAMIÑO DA MILLARA (GÁNDARA-TAMEIGA) E CAMIÑO DA MURALLA, A FURNA (CASALMORTO-PEREIRAS)” (Expte. 2024020884)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 30/03/2024, mediante rexistro WEB2024020171, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Mos na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 127.315,67 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Proxecto de muros de contención camiño da Millara (Gándara-Tameiga) e camiño da Murralla, A Furna, Casalmorto (Pereiras)*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos* a cantidade de 127.315,67 €, con destino ao financiamento do investimento “*Proxecto de muros de contención camiño da Millara (Gándara-Tameiga) e camiño da Muralla, A Furna (Casalmorto-Pereiras)*” (Expte. 2024020884), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.33947.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REDE DE SANEAMENTO NO CAMIÑO DO CARBALLO, PARROQUIA DE CELA” (Expte. 2024023011)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022254, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Mos na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 112.736,51 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Rede de saneamento no camiño do Carballo, parroquia de Cela”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras e unha vez presentados os diferentes proxectos e investimentos con rexistro WEB2024028675 de data 02/05/2024 comunica o traspaso de fondos entre liñas.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 16/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/06/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe e dilixencia da Intervención provincial, de data 11/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mos* a cantidade de 112.736,51 €, con destino ao financiamento do investimento “*Rede de saneamento no camiño do Carballo, parroquia de Cela*” (Expte. 2024023011), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



13.33948.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE 5 PARQUES INFANTÍS E 1 ÁREA BIOSAUDABLE NO PORRIÑO” (Expte. 2024022990)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022066, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Porriño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 65.075,35 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de 5 parques infantís e 1 área biosaudable no Porriño*” (Expdte 2024022990), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	65.075,35	65.075,35	0,00	0,00

En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/06/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Porriño*, CIF: P3603900F, unha subvención, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, por importe de 65.075,35 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora de 5 parques infantís e 1 área biosaudable no Porriño*” (Expte. 2024022990)”, cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.33949.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO PORRIÑO PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “AMPLIACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DO PAVILLÓN MUNICIPAL” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024019585)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello do Porriño* o importe que lle corresponde é de 120.974,93€.

En data 21/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024018690), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello do Porriño, emendada na data 11/06/2024 (núm. rexistro WEB2024039115), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 120.974,93 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Ampliación e mellora de accesibilidade do pavillón municipal*”, cun orzamento de 157.086,58 € e unha achega municipal de 36.111,65 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 13/06/2024 (CSV: OO9UQY0YFG09I83B).

Así mesmo, o 13/06/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: 9WQO8D07TSXU9MFI) e o 17/06/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: C4O1YXRH555OMYC9).



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello do Porriño relativa ao financiamento do investimento denominado “*Ampliación e mellora de accesibilidade do pavillón municipal*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 120.974,93 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello do Porriño*, CIF P3603900F, a cantidade de 120.974,93 € con destino ao financiamento do investimento “*Ampliación e mellora de accesibilidade do pavillón municipal*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 157.086,58 € e unha achega municipal de 36.111,65 €.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Porriño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

15.33950.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN Y MEJORA DE CAMINO MUNICIPAL EN LUGAR DE BORNETAS (TUI)” (Expte. 2024021505)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 01/04/2024, mediante rexistro WEB2024020589, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Tui* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 89.279,97€, co obxecto do financiamento do investimento “*Reparación e mellora de camiño municipal en lugar de Bornetas (Tui)*”, cuxo orzamento ascende 89.279,97 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
89.279,97 €	89.279,97 €	0,00 €	0,00 €

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe total de 6.277,48 euros.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización de ADIF.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba/n pendente de outorgamento a autorización sectorial de ADIF.

A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 06/06/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 10/06/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/06/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* (CIF:P3605500B), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 89.279,97 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reparación e mellora de camiño municipal en lugar de Bornetas (Tui)*” (Expte. 2024021505), cuxo orzamento ascende 89.279,97 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
89.279,97€	89.279,97€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación seguridade e saúde por importe total de 6.277,48 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de ADIF. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



16.33951.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS CORRESPONDENTES AO ANO 2024. (Expte. 2024002609)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2024 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas “INFO RIASBAIXAS” correspondentes ao ano 2024.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto das mesmas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 42 de 28 de febreiro de 2024 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). En consecuencia, o prazo de presentación de solicitudes comezou o 29 de febreiro de 2024 e rematou o 28 de marzo de 2024. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, presentáronse as seguintes:

Nº	Código do rexistro	Data de rexistro	NIF	SOLICITANTE
1	WEB2024013970	29/02/2024	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
2	WEB2024015703	06/03/2024	P8600004I	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA
3	WEB2024016073	08/03/2024	P3605500B	CONCELLO DE TUI
4	WEB2024016473	11/03/2024	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
5	WEB2024016498	11/03/2024	P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA
6	WEB2024016739	12/03/2024	P3603500D	CONCELLO DE NIGRAN
7	WEB2024017030	13/03/2024	P3601700B	CONCELLO DE A ESTRADA
10	WEB2024017081	13/03/2024	P3603100C	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO
9	WEB2024017351	14/03/2024	P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS
8	WEB2024017902	18/03/2024	P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA
11	WEB2024018151	19/03/2024	P3600800A	CONCELLO DE CANGAS
12	WEB2024018493	20/03/2024	P3602200B	CONCELLO DE O GROVE
13	WEB2024018702	21/03/2024	P3604100B	CONCELLO DE POIO
14	WEB2024018744	21/03/2024	P3602600C	AYUNTAMIENTO DE MARIN
15	WEB2024018917	22/03/2024	P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS
16	WEB2024018930	22/03/2024	P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA
17	WEB2024019004	22/03/2024	P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA



18	WEB2024019136	23/03/2024	P3603400G	CONCELLO DAS NEVES
19	WEB2024019226	25/03/2024	P3600300B	AYUNTAMIENTO DE BAIONA
20	WEB2024019304	25/03/2024	P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO
21	WEB2024019312	25/03/2024	P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR
22	WEB2024019458	26/03/2024	P3603600B	CONCELLO DE OIA
23	WEB2024019467	26/03/2024	P3600400J	CONCELLO DE BUEU
24	WEB2024019506	26/03/2024	P3600021D	ORGANISMO AUTONOMO TERRA DE SANXENXO
25	WEB2024019531	26/03/2024	P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA
28	WEB2024019584	26/03/2024	P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA
26	WEB2024019593	26/03/2024	P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA
27	WEB2024019746	27/03/2024	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS
29	WEB2024019965	28/03/2024	P3603900F	CONCELLO DE PORRIÑO

O 14 de xuño de 2024 o órgano instrutor emite informe sobre o procedemento.

O 14 de xuño de 2024 o Servizo de Fiscalización emite informe sobre o procedemento.

O 14 de xuño de 2024 a comisión de valoración emite informe de avaliación das solicitudes

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o financiamento dos custos da prestación de servizos de información e atención ao público en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo “INFO RIASBAIXAS” correspondentes ao ano 2024, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 42 de 28 de febreiro de 2024.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Constan no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2024.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Estimar as seguintes solicitudes, dispoñer o gasto e conceder a subvención co importe referido a continuación:

NIF	Solicitante	Orzamento	Importe solicitude	Valoración (puntos)	Importe asignado subvención	Porcentaxe subvención sobre o orzamento
P3600300B	CONCELLO DE BAIONA	35.806,78€	14.000€	98	14.000€	39,10%
P3600600E	CONCELLO DE CAMBADOS	18.666€	14.000€	92	13.999,50€	75%
P3600021D	ORGANISMO AUTONOMO TERRA DE SANXENXO	22.928,52€	14.000€	88	14.000€	61,06%
P3602200B	CONCELLO DE O GROVE	20.000€	14.000€	84	14.000€	70%
P3606000B	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	83.049,32€	14.000€	84	14.000€	16,86%
P3602300J	CONCELLO DE A GUARDA	30.000€	14.000€	82	14.000€	46,67%
P3603100C	CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO	20.000€	7.000€	78	7.000€	35%
P3605500B	CONCELLO DE TUI	77.544,06€	14.000€	72	14.000€	18,05%
P3604100B	CONCELLO DE POIO	8.954€	6.715,50€	72	6.715,50€	75%
P3603500D	CONCELLO DE NIGRÁN	10.583,74€	7.937,80€	70	7.937,80€	75%
P3600800A	CONCELLO DE CANGAS	18.500€	14.000€	52	13.875€	75%
P3604200J	CONCELLO DE PONTEAREAS	8.470€	7.000€	50	6.352,50€	75%
P3605200I	CONCELLO DE SILLEDA	15.500€	7.000€	46	7.000€	45,16%
P8600004I	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	12.000€	7.000€	44	7.000€	58,33%
P3601700B	CONCELLO DE A ESTRADA	10.000€	7.000€	38	7.000€	70%



P3604500C	CONCELLO DE REDONDELA	7.000€	7.000€	36	5.250€	75%
P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	11.063,25€	7.000€	26	7.000€	63,27%
P3601000G	CONCELLO DE CATOIRA	5.571,48€	4.178,61€	26	4.178,61€	75%
P3603400G	CONCELLO DE AS NEVES	8.470€	6.352,50€	26	6.352,50€	75%
P3603600B	CONCELLO DE OIA	9.333€	7.000€	22	6.999,75€	75%
P3604600A	CONCELLO DE RIBADUMIA	9.460€	7.000€	20	7.000€	74%
P3602900G	CONCELLO DE MOAÑA	13.794€	7.000€	18	7.000€	50,75%
P3605300G	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	11.686,48€	7.000€	18	7.000€	59,90%
P3600400J	CONCELLO DE BUEU	9.438€	7.000€	16	7.000€	74,17%
P3602600C	CONCELLO DE MARIN	12.221€	7.000€	14	7.000€	57,28%
P3602700A	CONCELLO DE MEAÑO	8.341,17€	6.255,87€	12	6.255,87€	75%
TOTAL: 231.917,03 €						

Segundo. Desestimar as seguintes solicitudes:

Expte.	NIF	Entidade	Causa de desestimación
2024021557	P3600500G	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	Oficina de turismo non adherida á Rede de Oficinas INFO RIASBAIXAS.
2024021563	P3603900F	CONCELLO DE O PORRIÑO	Oficina de turismo non adherida á Rede de Oficinas INFO RIASBAIXAS no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.
2024017066	P3606100J	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	Solicita financiamento para os dous puntos de información adheridos á Rede de oficinas INFO RIASBAIXAS. A base 5ª indica que só se aceptará unha solicitude de subvención por solicitante.

17.33952.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DOS LOTES 2, 3, 4 E 5 DO CONTRATO DE “SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2023005688)

Na sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra, ás seguintes empresas e polos prezos e valores ofertados, reflexados no citado acordo:

- Lote 2 (Centro Príncipe Felipe): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)
- Lote 3 (Museo de Pontevedra): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)
- Lote 4 (Cooperación): INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B90320912)
- Lote 5 (Turismo Rías Baixas): SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638)



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de xuño de 2023 para o lote 4 e de data 30 de xuño de 2023 para o lote 2, 3 e 5, sendo o prazo de duración dun ano a partir da data que se sinala no documento de formalización, establecéndose o 01/07/2023 para os lotes 3, 4 e 5 e o 06/09/2023 para o lote 2. Así mesmo, preveuse a posibilidade dunha prórroga de máximo dunha anualidade de duración.

As responsables de cada un dos lotes do contrato emiten informes nos que manifestan que o nivel de prestación do servizo é satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte das contratistas que xustificuen, no seu caso, a improcedencia da prórroga e que a prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato para o lote 2 en data 14 de maio de 2024 (data de comparecencia: 15/05/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que a empresa SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638) prestou conformidade ca prórroga do lote 3 e 5 e que a empresa INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B90320912) prestou conformidade ca prórroga do lote 4 do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 11 de xuño do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender as obrigas que se deriven da presente prórroga (CSV: BWWOBEPH3APOGONE).

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de xuño do 2024 (CSV: EJXJ8OLKVC3YYWY5), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga dos lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra por máximo un ano, desde o 01 de xullo de 2024 ata máximo o 30 de xuño de 2025 para os lotes 3, 4 e 5; e desde o 06 de setembro do 2024 ata máximo o 30 de xuño de 2025 para o lote 2. En todo caso, o prazo de duración da prórroga ten a consideración de máximo, quedando extinguido este contrato no caso da entrada en vigor do novo contrato que se está a tramitar.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 30 de xuño do 2024.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga dos lotes 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do servizo de “Seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra” subscrito para o lote 2, 3 e 5 coa empresa SALZILLO SEGURIDAD S.A. (NIF: A73100638) e para o lote 4 coa empresa INNOVATIVE SECURITY CONCEPT SL (NIF: B90320912), durante o período que vai desde o 01 de xullo de 2024 ata máximo o 30 de xuño de 2025 para os lotes 3, 4 e 5; e desde o 06 de setembro do 2024 ata máximo o 30 de xuño de 2025 para o lote 2, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen. En todo caso, o prazo de duración da prórroga ten a consideración de máximo, quedando extinguido este contrato no caso da entrada en vigor do novo contrato que se está a tramitar.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

Anualidade	Centro xestor e lote	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Importe servizos extraordinarios (con IVE)
2024 (6 meses, excepto CPF: 3 meses e 24 días)	Centro Príncipe Felipe (Lote 2)	24/232.2312.227.01	132.154,53 €	13.215,45 €
	Museo de Pontevedra (Lote 3)	24/333.3330.227.01	433.666,82 €	43.366,68 €
	Cooperación (Lote 4)	24/942.4330.227.01	11.701,75 €	1.170,17 €
		24/942.4331.227.01 (vinculación)	10.801,61 €	1.080,16 €
	Turismo Rías Baixas (Lote 5)	24/433.4320.227.01 (vinculación)	39.580,58 €	3.958,06 €
		24/433.3360.227.01	115.515,75 €	11.551,58 €
2025 (6 meses)	Centro Príncipe Felipe (Lote 2)	24/232.2312.227.01	208.665,05 €	20.866,50 €
	Museo de Pontevedra (Lote 3)	24/333.3330.227.01	433.666,82 €	43.366,68 €
	Cooperación (Lote 4)	24/942.4330.227.01	11.701,75 €	1.170,17 €
		24/942.4331.227.01	10.801,61 €	1.080,16 €
	Turismo Rías Baixas (Lote 5)	24/433.4320.227.01	39.580,58 €	3.958,06 €
		24/433.3360.227.01	115.515,75 €	11.551,58 €



O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

18.33953.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN”.
(Expte.2021062944)

Na sesión ordinaria do día 23 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de servizo de *Asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición* á empresa Galaicontrol, S.L. (NIF: B36651487), polos prezos e valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de xullo de 2022 e o prazo de duración é dun ano contado desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dunha (1) anualidade de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 19 de maio de 2023, a primeira prórroga do contrato de “Asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición” dende o 26 de xullo do 2023 ata o 25 de xullo do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 16 de maio de 2024, o responsable do contrato, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos desde o 26 de xullo do 2024 ao 25 de xullo de 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 14 de maio de 2024 (data de comparecencia: 15/05/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.



Tendo en conta que, con data 31 de maio do 2024, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato, indicando o seguinte:

“En relación coa solicitude de informe (CSV: I2SFA15Z6IP0WW5M) sobre a existencia de crédito para financiar a 2ª prórroga do contrato de asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición, cun orzamento anual de 31.944,00 (21% IVE incluído), dos cales 2.904,00 € (10%) corresponden ós posibles excesos que se poidan producir, esta Intervención pon de manifesto o seguinte:

Na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2022, existe crédito retido por importe de 29.040,00 € mediante documento RC nº 202400006608.

Na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02, existe crédito retido por importe de 2.904,00 € mediante documento RC nº 202400122493.”

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.



Segundo. Sinala a base 15 da convocatoria que as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación das subvencións nos seguintes prazos: se o curso remata no ano natural 2023, xustificarse antes do 31 de xaneiro de 2024.

Terceiro. O artigo 70 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece o seguinte:

“Transcurrido el plazo establecido de justificación sin haberse presentado la misma ante el órgano administrativo competente, éste requerirá al beneficiario para que en el plazo improrrogable de quince días sea presentada a los efectos previstos en este Capítulo. La falta de presentación de la justificación en el plazo establecido en este apartado llevará consigo la exigencia del reintegro y demás responsabilidades establecidas en la Ley General de Subvenciones. La presentación de la justificación en el plazo adicional establecido en este apartado no eximirá al beneficiario de las sanciones que, conforme a la Ley General de Subvenciones, correspondan.”

Rematado o prazo de xustificación o 31 de xaneiro de 2024, non se cursou dito requirimento debido a un erro administrativo na tramitación do expediente, tal e como se pon de manifesto no informe emitido pola Xefatura do Servizo de Deportes (CSV): 3TIZJ0AAICACQ3SF, polo que a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de validación.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na base 17ª das de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade

Aprobar a xustificación da axuda concedida a *Rosana Simón Buceta* ao amparo da convocatoria de subvencións para a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras, recoñecer a obriga por importe de 60,00 euros e declarar o seu aboamento á interesada, polo procedemento de validación, nos termos expostos.

28.33963.- APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA A ROSANA SIMÓN BUCETA AO AMPARO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS/ADESTRADORAS, XUÍZAS E ÁRBITRAS, POLO PROCEDUREMTO DE VALIDACIÓN. (Expte.2023069824)

Primeiro.- Por Resolución Presidencial nº 2023007148, de 20/09/23, aprobáronse as bases reguladoras da concesión de axudas para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (BOPPO núm. 186, de 26/09/2023).

Segundo.- O 15/11/2023 *Rosana Simón Buceta*, con DNI nº***1153**, presenta escrito de participación en dita convocatoria solicitando unha subvención por importe de 85,00 €.



Terceiro.- O 26/12/2023 publícase no BOPPO a relación de axudas concedidas e non concedidas pola Deputación de Pontevedra (RP nº 2023009696, de 18/12/2023) para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra para o ano 2023, na que figura a concedida a *Rosana Simón Buceta* por importe de 85,00 €.

Cuarto.- O 03/06/2024 *Beatriz Simón Buceta*, con DNI nº ***8600**, en representación da interesada, presenta a xustificación do curso realizado durante o ano 2023, sen mediar requirimento previo por parte do Servizo de Deportes.

Quinto.- O 10 de xuño de 2024, Intervención emite informe favorable de fiscalización coas seguintes observacións: *”...A xustificación preséntase o día 03/06/2024 estando fóra de prazo, dado que, unha vez examinados os documentos aportados, compróbase que o curso rematou no 2023 tal como se pode apreciar no certificado de aptitude aportado que é de data 4 de agosto de 2023...Rematado o prazo de xustificación o día 31 de xaneiro de 2024 e debido a un erro do servizo, non se enviou a notificación dos 15 días improrrogables para presentar a súa xustificación, polo que, a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de validación.”*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.

Segundo. Sinala a base 15 da convocatoria que as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación das subvencións nos seguintes prazos: se o curso remata no ano natural 2023, xustificarse antes do 31 de xaneiro de 2024.

Terceiro. O artigo 70 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece o seguinte:

“Transcurrido el plazo establecido de justificación sin haberse presentado la misma ante el órgano administrativo competente, éste requerirá al beneficiario para que en el plazo improrrogable de quince días sea presentada a los efectos previstos en este Capítulo. La falta de presentación de la justificación en el plazo establecido en este apartado llevará consigo la exigencia del reintegro y demás responsabilidades establecidas en la Ley General de Subvenciones. La presentación de la justificación en el plazo adicional establecido en este apartado no eximirá al beneficiario de las sanciones que, conforme a la Ley General de Subvenciones, correspondan.”



Rematado o prazo de xustificación o 31 de xaneiro de 2024, non se cursou dito requirimento debido a un erro administrativo na tramitación do expediente, tal e como se pon de manifesto no informe emitido pola Xefatura do Servizo de Deportes (CSV): 6CC6FA4WJDQAODNK, polo que a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de validación.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na base 17ª das de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a xustificación da axuda concedida a *Rosana Simón Buceta* ao amparo da convocatoria de subvencións para a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras, recoñecer a obriga por importe de 85,00 euros e declarar o seu aboamento á interesada, polo procedemento de validación, nos termos expostos.

29.33964.- APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA A ALEJANDRA MANSO GARCÍA AO AMPARO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A FORMACIÓN DE MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS/ADESTRADORAS, XUÍZAS E ÁRBITRAS, POLO PROCEDUREMTO DE VALIDACIÓN. (Expte.2023065926)

Primeiro.- Por Resolución Presidencial nº 2023007148, de 20/09/23, aprobáronse as bases reguladoras da concesión de axudas para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (BOPPO núm. 186, de 26/09/2023).

Segundo.- O 24/10/2023 *Alejandra Manso García*, con DNI nº***7990**, presenta escrito de participación en dita convocatoria solicitando unha subvención por importe de 70,00 €.

Terceiro.- O 26/12/2023 publícase no BOPPO a relación de axudas concedidas e non concedidas pola Deputación de Pontevedra (RP nº 2023009696, de 18/12/2023) para impulsar a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras no ámbito deportivo na provincia de Pontevedra para o ano 2023, na que figura a concedida a *Alejandra Manso García*, por importe de 70,00 €.

Cuarto.- O 29/05/2024 a interesada presenta a xustificación do curso realizado durante o ano 2023, sen mediar requirimento previo por parte do Servizo de Deportes.

Quinto.- O 14 de xuño de 2024, Intervención emite informe favorable de fiscalización coas seguintes observacións: ”...A xustificación preséntase o día 29/05/2024 estando fóra de prazo, dado que, unha vez examinados os documentos aportados, compróbase que o curso rematou no 2023 tal como se pode apreciar no certificado de aptitude aportado que é de data 4 de agosto de 2023...Rematado o prazo de xustificación o día 31 de xaneiro de 2024 e debido a un erro do servizo, non se enviou a notificación dos 15 días improrrogables para presentar a súa xustificación, polo que, a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de validación.”



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.

Segundo. Sinala a base 15 da convocatoria que as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación das subvencións nos seguintes prazos: se o curso remata no ano natural 2023, xustificarse antes do 31 de xaneiro de 2024.

Terceiro. O artigo 70 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece o seguinte:

“Transcurrido el plazo establecido de justificación sin haberse presentado la misma ante el órgano administrativo competente, éste requerirá al beneficiario para que en el plazo improrrogable de quince días sea presentada a los efectos previstos en este Capítulo. La falta de presentación de la justificación en el plazo establecido en este apartado llevará consigo la exigencia del reintegro y demás responsabilidades establecidas en la Ley General de Subvenciones. La presentación de la justificación en el plazo adicional establecido en este apartado no eximirá al beneficiario de las sanciones que, conforme a la Ley General de Subvenciones, correspondan.”

Rematado o prazo de xustificación o 31 de xaneiro de 2024, non se cursou dito requirimento debido a un erro administrativo na tramitación do expediente, tal e como se pon de manifesto no informe emitido pola Xefatura do Servizo de Deportes (CSV) CBY57QW3SW4OJ37N:, polo que a aprobación da xustificación (obriga) require seguir o procedemento de validación.

Á vista do exposto, de conformidade co disposto na base 17^a das de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a xustificación da axuda concedida a *Alejandra Manso García*, ao amparo da convocatoria de subvencións para a formación de mulleres en postos de técnicas/adestradoras, xuízas e árbitras, recoñecer a obriga por importe de 70,00 euros e declarar o seu aboamento á interesada, polo procedemento de validación, nos termos expostos.



30.33965.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes. 2024042671 e 2024042669) (Tesourería)

a) Vista a relación de facturas con número 2024042671, que contén 14 facturas e por un importe de 40.507,60€ e con CSV: EAU72GTFTWSGD10Y, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/06/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	40.471,28 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	36,32 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	40.507,60 €

b) Vista a relación de facturas con número 2024042669, que contén 4 facturas e por un importe de 2.834,04€, e con CSV: GO9JRT4RFZ7G3Y7O, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/06/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	2.834,04 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	2.834,04 €

31.33966.- DESESTIMACIÓN DA PRÓRROGA SOLICITADA POLO CONCELLO DE BUEU CON MOTIVO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “RESTAURACIÓN DO LAVADOIRO DO RÍO NOVO EN TRASOUTO”. (Expte. 2023032658)

Por acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial (acordo núm. 4.32753), de data 16 de xuño de 2023, concedéuselle ao *Concello de Buen* unha subvención, por importe de 14.226,67 €, para levar a cabo o proxecto “*Restauración do lavadoiro do río Novo en Trasouto*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, con cargo á aplicación 24/332.3322.762.00.2023 do vixente Orzamento Provincial.



Visto o escrito presentado polo *Concello de Bueu*, de data 6 de xuño de 2024 e número de rexistro 2024009638, a través do cal solicita unha prórroga do prazo de execución da referida actuación motivada polo retraso na obtención das correspondentes autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe desfavorable da Intervención Provincial á concesión da citada prórroga, que ten o seguinte teor literal:

“Recibida nesta Intervención solicitude de informe de modificación (CSV: 8806CSC2IE41A3Q2) da axuda concedida ao Concello de Bueu ao abeiro da convocatoria de subvencións aos Concellos da provincia de Pontevedra destinadas á Supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e á rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico – cultural (PDB_C/23), esta Intervención pon de manifesto o seguinte:

- 1. A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 16 de xuño de 2023 (acordo N.º 4.32753), concedeu ao Concello de Bueu con CIF: P3600400J, para a Restauración do lavadoiro do río Novo en Trasouto, con cargo á liña B da mencionada convocatoria, unha subvención por importe de 14.226,67€, sobre un orzamento de 25.559,52€, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/332.3322.762.00.2023.*
- 2. Posteriormente, con data 6 de xuño de 2024 (Rexistro N.º. 2024009638) , o concello solicita a prórroga do prazo de execución do investimento motivada polo retraso na obtención das autorizacións sectoriais necesarias para acometer a dita restauración.*

Comprobado o expediente por Intervención obsérvase que dita solicitude incumpre o recollido nas bases reguladoras destas axudas:

- Base décimo quinta. Modificación da resolución. “...Esta solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen, no prazo máximo de catro (4) meses antes de finalizar o prazo de execución establecido na base décimo sexta...”.*
- Base décimo sexta. Xustificación. “... Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas, o prazo de execución para o obxecto da subvención rematará o 30 de xuño de 2024...”.*

CONCLUSIÓN

Polo exposto infórmase desfavorablemente a modificación solicitada”.

Visto que o artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que a aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Desestimar a concesión dunha prórroga ao Concello da Bueu para a execución da subvención derivada do proxecto “Restauración do lavadoiro do río Novo en Trasouto”, concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2023, nos termos expostos no informe da Intervención Provincial transcrito anteriormente, que se acepta na súa integridade servíndolle de motivación ao presente acordo.



32.33967.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS PERSOAIS E PATRIMONIAIS A CONSECUCENCIA DUNHA CAÍDA NO CONCELLO DE VIGO. (Expte. 2023065783)

Dada conta que con data de rexistro 25/10/2023 (núm. rex. 2023020730), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.^a Cristina Cameselle Pacheco, por danos persoais e patrimoniais producidos por mor dunha caída, o día 24/11/2021, a consecuencia dunhas lousetas en mal estado e levantadas na estrada provincial E.P. 2003 (Estrada do Vao nº 54), no Concello de Vigo, e que foi cuantificada economicamente en 13.694,50 €.

Resultando.- Que con data 07/11/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 14/11/2023, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-2003, na marxe dereita do p.q. 0+430 (diante do número 54 de dita vía, coñecida como Estrada do Vao). Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.

SEGUNDO.- Segundo a explicación da reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa ao tropezar por mor da existencia dunhas baldosas levantadas.

TERCEIRO. - Na beirarrúa, no punto indicado hai dúas baldosas levantadas, facendo punta. Non é posible acreditar as causas polas que a beirarrúa se atopa así pero o máis probable é que sexa por mor da dilatación dos materiais que conforman a beirarrúa.



CUARTO.- O tipo de solo no que se localiza o lugar da caída (marxe dereita do p.q. 0+430) é solo urbano, segundo figura no Planeamento vixente do Termo municipal de Vigo.

De modo xeral, en solo urbano a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinado polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Por conseguinte, nos casos relativos a solo urbano, como é o caso indicado na queixa remitida, a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas corresponde ó Concello.

QUINTO.- A beirarrúa non foi arranxada ata este pasado verán (agosto ou setembro de 2023), con motivo da execución das obras de MELLORA DAS INTERSECCIÓNS E ACONDICIONAMENTO NO ENTORNO DA ESTRADA DO VAO, EP-2003 (CONCELLO DE VIGO), obras promovidas pola Deputación Provincial segundo un proxecto redactado polo Concello de Vigo para a posterior transferencia da estrada. Na actualidade atópase en perfecto estado, tal e como se pode observar na fotografía.



SEXTO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa. Non había sinalización advertindo do perigo.

Fdo.- María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 22/11/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais acerca dos seguintes extremos:

- Altura aproximada do desperfecto.
- Ancho da louseta.
- Ancho total da beirarrúa.
- Texto do Convenio subscrito co Concello de Vigo para as obras de mellora da estrada.



Resultando.- Que con data 12/12/2023, remiten informe co seguinte contido:

1. *Altura aproximada do dano: a localización exacta é na marxe dereita do PQ 0+430 da EP 2003 (diante do número 54 da dita vía, coñecida como Estrada do Vao).*
2. *Ancho da lousa: as dimensións da plaqueta son de 30 x 30 cm.*
3. *Ancho total da beirarrúa: 1,60 m (incluído o bordo).*
4. *Texto do convenio subscrito co Concello de Vigo para as obras de mellora da estrada: non hai convenio; a estrada está en proceso de transferencia ao Concello, pero na actualidade non hai ningún convenio asinado.*

Resultando.- Que con data 22/04/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de infraestruturas acerca da altura aproximada en centímetros do desperfecto, sinalando na data 29/04/2024 que “O desperfecto que existía na beirarrúa (balosas inclinadas) tiña no punto mais alto unha altura de 3 cm respecto da rasante da beirarrúa”.

Resultando.- Que con data 11/06/2024, solicitouse informe ó Servizo de Inspección Médica da Deputación, para que informara acerca de se as consecuencias da caída, como a rotura de húmero, poderían ter relación cos antecedentes persoais da reclamante, como son a osteoporose e o tratamento con calcio, remitindo na data 12/06/2024 informe co seguinte contido:

A vista do informe médico do Servizo de Urxencias, con data 13 de xaneiro de 2022, da consulta de traumatoloxía, de Dona M^a Cristina Cameselle Pacheco, evidenciase a “fractura del húmero proximal con subluxación inferior...”. No informe citado anteriormente, na descrición dos antecedentes persoais, sinalase entre outras patoloxías a existencia de osteoporose.

As fracturas de húmero proximal, ocorren con certa frecuencia en mulleres con osteoporose. Representan o 5% das fracturas osteoporóticas e son a terceira fractura non vertebral en frecuencia, en maiores de 55-60 anos, despois da fractura de cadeira e a fractura de radio distal.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1^a do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- A caída tivo lugar arredor das 9:52 horas da mañá, é dicir, a plena luz do día.



- O informe policial achegado pola reclamante xunto coa instancia contén diversas fotografías nas que se pode observar que o desperfecto carecía da entidade suficiente para causar os danos que se reclaman, como a que se amosa a continuación:



- O ancho da plaqueta levantada é de 30 x 30 cm, sendo o ancho total da beirarrúa de 1,60 metros (incluído o bordo), polo que existía mais espazo na beirarrúa para pasar, evitando o desperfecto.
- Semella bastante difícil tropezar na louseta que se sinala a reclamante ó estar esta pegada ó muro da propiedade, tal e como se pode ver nas fotografías, pois de facelo así, iría rozando o seu corpo co citado muro.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa zona.
- Non houbo aviso nin saída da brigada de garda deste organismo por este motivo.
- O desperfecto da beirarrúa non tiña a entidade suficiente para causar un dano como o reclamado, sempre que se manteña a atención imprescindible na deambulación.
- Constan nos informes médicos aportados pola reclamante os antecedentes persoais, nos que figura que sofre de osteoporose, estando a tratamento con calcio, ocorrendo as fracturas de húmero proximal, segundo o informado pola Xefa de Inspección Médica da Deputación, con certa frecuencia en mulleres con osteoporose, representando o 5% das fracturas osteoporóticas, ademais de seren a terceira fractura non vertebral en frecuencia, en maiores de 55-60 anos, despois da fractura de cadeira e a fractura de radio distal.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, non se rexistra aviso nin hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa, polo que non había sinalización de advertencia do desperfecto.



- Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada, que posuíndo o control da situación non foi quen de evitar a caída, e na falta de entidade do desperfecto, podendo ser salvado no deambular normal dos viandantes.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*”
Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do TSXG de 3 de abril de 2013, que citando anteriores sentenzas de 29 de febreiro e de 9 de maio de 2012, expresa que:

“La vía pública no está exenta de peligros para el peatón (...) en el presente caso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima o, en su caso, un tropiezo fortuito o debido a su edad... no parece que la diferencia de nivel de la loseta con la que tropezó la recurrente (de 2, 3 ó 4 cms.) pueda entenderse que vulnera los estándares de seguridad exigible, la diferencia de nivel es mínima y tolerable y en consecuencia no fue ese desnivel la causa eficiente de la caída”.

- Sentenza do TSXG de 14 de abril de 2021 que recolle o que sigue:

“... Con carácter general, una caída derivada de un tropiezo en un obstáculo de dimensiones insignificantes o visibles entraña un daño no antijurídico, que debe soportar el administrado desde el mismo momento que participa del servicio público de aceras o calzada, porque no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación y rasante (mayormente en el actual momento económico, con escasez de recursos), estando a cargo de quien lo sufre el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso, como indican las sentencias del T.S. de 17/07/2003 y 22/02/2007, toda vez que la vida pública no está exenta de peligros para el peatón y si cualquier bache, desconchado, humedad, pendiente... se entiende causa eficiente para la producción del daño se estaría convirtiendo a la Administración (normalmente la Local) en aseguradora universal de todo evento dañoso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima, tropiezo fortuito, condiciones psicofísicas de la accidentada..., y, aún con deficiente conservación de la acera o



calzada por la Administración, el necesario autocontrol de la deambulación excluye la responsabilidad de la Administración en los casos en que el desperfecto u obstáculo fuera fácilmente aplicable o conocido por el peatón por ser persona con vinculación en la zona o de mínima entidad que impida apreciar su capacidad para ocasionar daños en condiciones normales”.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:
“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:
“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:
“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:
“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.



Na mesma liña argumental se pronuncian os Xulgados de Pontevedra nas sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a Sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra; así como a Sentenza 123/23 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Vigo, ó sinalar o seguinte:

“... Sin embargo, esas irregularidades del pavimento, esos defectos de las losetas sobre el que se funda la imputación de responsabilidad patrimonial a la Administración debe considerarse en cabal aplicación de la doctrina anteriormente reseñada, como una irregularidad de la calzada banal o insignificante, como un riesgo inexistente, no cualificado e irrelevante en relación con el control normal del propio deambular, razón por la que el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado de la peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que, desde esta perspectiva, no puede calificarse de antijurídico (...) El siniestro se produjo en horas diurnas (...) en nuestro caso, las deficiencias de la vía pública, en los términos que han sido descritas, no puede concluirse que superen, por su naturaleza y riesgo inherentes, los estándares medios que el ciudadano debe soportar.”

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

33.33968.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (Expte. 2024018929)

Dada conta que con data 19/03/2024 (núm. rex. WEB2024018251) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Francisco García Padín en representación de D. Javier Soutelo Otero, por danos en vehículo producidos a consecuencia dunha reixa que atravesa a vía e que levanta ó seu paso na E.P. 0006 (“*pista veciñal do lugar O Pobo a San Pedro, á altura do nº 31*”), no Concello de Pontevedra, o día 20/03/2023, e que cuantificou economicamente en 310,40 €.



Resultando.- Que con data 03/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 31/05/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A través das fotos incorporadas no expediente o lugar do accidente pertence a un camiño municipal fóra das zonas de protección da estrada provincial.



Documentación Exp. EXP_DOC_2024018929_2024-05-31-11-46-16

Deputación Pontevedra
INFORME VISITA DE INSPECCIÓN

VIXIANTE: **MANUEL MOUGÁN REY**

SOLICITANTE:	JAVIER SOUTELO OTERO		
ESTRADA:	EP-0006 MARCÓN - LUSQUIÑOS		
CONCELLO:	PONTEVEDRA	PQ:	1+300
		MARXE:	IZ.
NÚM. INFORME:	2024018929		
INFORME RELACIONADO:			
INFORME DA OBRA			
<p>LA VÍA DONDE ESTA COLOCADA LA REJILLA PERTENECE AL CONCELLO DE PONTEVEDRA</p>			



Así queda tamén recollido na descrición do atestado que se achega coa solicitude:

Descrición, parecer del agente y observaciones del accidente

Descrición y parecer del agente actuante

SINIESTRO VIAL CONSISTENTE EN DAÑOS DE ESCASA CONSIDERACIÓN EN BAJOS DE UN TURISMO,
OBSERVACIONES: EL LUGAR EXACTO DEL SINIESTRO ES UNA PISTA VECINAL DEL LUGAR O POBO A SAN PEDRO A LA ALTURA
DEL NÚMERO 31.
DAÑOS OBSERVADOS EN VEHÍCULO : CUBRECARTER

Por tanto o lugar onde aconteceu o sinistro non é de titularidade provincial.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SÓLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.



34.33969.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

35.33970.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

36.33971.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

